



Boletín fitosanitario de avisos e informacións

16/05/2014 Ourense

Forestais - Castiñeiro

Estado fenolóxico

Desborre na vexetación

Durante o mes de maio os castiñeiros empezan a actividade vexetativa.

Incidencias fitopatolóxicas

Plagas

Cydia fagiglandana

Non se observan ataques nin danos. Estadio: crisálida/adulto.

Laspeyresia splendana

Non se observan ataques nin danos. Estadio: crisálida/adulto.

Curculio elephas

Non se observan ataques nin danos. Estadio: pupa.

Enfermidades

Chancro (*Cryphonectria parasitica*)

Grao de ataque: alto. Nivel de danos: moi alto. Nas zonas mais atacadas pola enfermidade nas comarcas produtoras de Galicia empezáronse a notar os danos xa fai 12 anos, aparecendo dende entón exemplares de castiñeiro secos por completo e outros que, aínda sen estar secos, dan froitos moi pequenos ou non teñen produción ningunha.

Recoméndase tomar precaución co obxecto de **non estender a contaminación do fungo**. A labor máis importante neste caso é informar aos propietarios para que non estendan a enfermidade duns soutos a outros e dunhas árbores a outras, sobre todo nestes meses nos cales estiveronse facendo varias labores nos soutos. Neste caso haberá que ter en conta as seguintes precaucións:

- Podas

Débense eliminar os restos de vexetación do solo xa que poden actuar como foco de infección para este fungo. E necesario desinfectar as ferramentas empregadas en cada caso, xa non só de souto a souto, se non de árbore a árbore e de rama a rama.

- Enxertas

Ter moi en conta a procedencia do material vexetal empregado para a enxerta, selando as feridas adecuadamente e empregando algún funxicida no caso de que se desconfíe da infección no souto ou na póla enferma.



Durante todos estes meses de atrás seguiuse traballando na inoculación de pés de castiñeiros afectados por este fungo. Dado que o problema é importante (existen moitos pes de castiñeiro afectados por este fungo) e hai moita cantidade de soutos de castiñeiro na zona produtora, aínda estase inoculando pes con cepas hipovirulentas do fungo.

Tinta (*Phytophthora cinnamomi*)

Non se observan ataques desta enfermidade, aínda que se desconfía da presenza dela en dúas vaguadas dos pobos de O CASTRO e QUINTELA DO PANDO.

Recomendacións

Enfermidades

Chancro (*Cryphonectria parasitica*)

En todo caso as medidas serían preventivas, de xeito que, no caso de poda ou enxertos, ter moi en conta se hai chancros, desinfectando as ferramentas ao pasar dunhas árbores a outras, e mesmo da mesma árbore, e vixiar que as púas para a enxerta non veñan dunha árbore xa infectada.

Tinta (*Phytophthora cinnamomi*)

Non arar os soutos se non deixalos de pradeira e desbrozar.